



'DEVANCEIROS'

Eligio Rivas Quintas

Fotografía: **Fco. Javier Álvarez Campos**

■
O noso mundo, o que xorde no Noroeste coa vinda dos romanos e os nosos *devanceiros* nos legaron con tanta fidelidade, comeza a crebar arredor do ano 1950. Rematada a segunda Gran Guerra, todo, comezando polas ideas, detido por ela, avanza a paso firme, lixeiro e determinado, por novos derroteiros. Inventos inauditos que empezan a supera-lo home, escapando do seu dominio tanto coma dos lindeiros, non só das nacións senón dos continentes e dos mesmos espazos siderais. A universalización é xeral e ilimitada no ancho mundo.

Tan maravillosos e espectaculares avances constitúen un formidábel *deus ex machina* que a ninguén respeta, que fai táboa rasa de todos e cada un dos pobos coa súa idiosincrasia coma se ningún tivese existido, coma se a tradición en máis de 2000 anos de historia amoreada polos nosos maiores, endexamais tivese

existido. O fondo da nosa historia tamén o escuro sustrato da prehistoria está contando.

Dito doutro xeito; estamos en grave risco de deixermos de ser 'nós', que somos unha suma do pasado.

Nobreza obriga e *fides celtica*, que tampouco podemos inventar o noso pasado como quixeramos que houbese sido, con deidades e feitos imaxinados à nosa actual mensura; escuro é o noso pasado pero real, sangrante e vivo na cadea dos días demorados. Sen dúbida un providencial proxecto cheo de valores, por séculos levado a ramo, ano a ano, por millóns de devanceiros e xa dende os máis arrecuados deica faguernos del entrega nesta parcela do mundo que veu a ser Galicia. Resistímonos a que esa voráxine asovalladoira nunha milésima de tempo nos embíe (trague).

En mala hora é, pois por desgraza cadra coa máis baixa curva de natalidade da nosa xaramea –joutra

conquista moderna!– sen que teñamos quen o legado herde, morte total. No día de hoxe, e dende hai xa máis de cincuenta anos, adur se haxa neto que de seus avós algunha realidade da vida tradicional teña recollido e asimilado; obxetos, fala e folclore. Por moito que os teorizantes digan e proclamen –que fervor nalgúns non falta–, ¿cántos son os que aquel cotián vivir saiban describir coa fala pertinente, ou as verbas propias òs obxetos aplicar? E así ¿ula a tradición e o noso ser de galegos?

Pois aquí ven ò caso este museo –e outros onde os haxa–, onde a ergoloxía se poida explicar por temas, acción e obxetos, que 'revivan' o pasado e no posíbel o manteñan. Aquí están os obxetos que, dixitalizados cos seus nomes, pretenden ser lembranza perenne dos devanceiros. O noso pasado non é un espazo vougo, senón longo treito de historia chea, da que moito se resume no Museo.

II

Era o ano 1990, no máis ca centenario Santuario dos Milagres, un deses montes sacros que non só sacros eran senón tamén centro de cultura e lección de vida rural e tradición en tódolos sentidos. Un centro que dunha ou doutra forma empalma co mundo romano e prerromano, mediante a cristianización dun 'mèdo', un outeiro (*meda, medorra*) adicado á deidade no centro dun val –hoxe todo así nomeado– polos romanos beneficiado no aspecto agrícola e mineral. Testemuña temos nun *vectigal* (**quaestarius agrarius*). Na lápida honorífica de Asadur (a 3 kms.), podemos ler: QUINTO LICINIO **VEC**(TIGALIVM) DUUNVIRO ... Un *quaestarius* que encarna no entorno –e só no entorno que saibamos– nos *casteiros* que de antigo recollen a avinza da cofraría da Virxe do Medo –dende 1700 Virxe dos Milagres–deica Sanabria.

En torno do centro de culto, o complexo rural autosuficiente: labranza e animais de servizo, a grá e o forno do pan, a forxa e a ferramenta, os apeiros e a carpintería...A explotación agrícola, centenaria, ten sido sempre modélica neste espazo rural, onde os labregos viron o primeiro tractor (1940) e a primeira instalación dunha graña, coas primeiras vacas frisonas vindas de Austria a Ourense.

Acercándose a mediados de século, todo agoira que unha etapa da historia, a longa etapa que cos romanos xorde, está tocada de morte. A emigración desangra o campo, a natalidade pouco despóis comeza a caer en picado. Con tanto adianto de fora e sen xente en casa, a empresa secular vese sentenzada. É sen dúbida indicativo que tanto o centro de estudos por falta de alumnado, coma a graña agrícola e oficios por falta de brazos, houbese que pechalos, aquel no 1990, estes no 1994.

Xa se vía vir, e había que salvar o salvábel. Dende a dieza de 1970 comezamos a recoller tódolos obxectos que descartados ficaban, representativos da vida tradicional. Nos anos 1990, coa vinda de plans de axuda europea, vímolos oportunidade de ter un local onde expoñelos.

Coa subvención do Leader II, máis o dobre posto polo Santuario, puídemos restaurar *ad hoc* o que fora forno de cocer, forxa, etc., dándolle altura e acomodando espazos onde instalar ordenadamente, clasificado por salas, o que coído ser material suficientemente representativo da labranza e dos oficios, cociña e sobrado. E do ensino, e naturalmente tamén o que foi e segue a ser o Santuario. A pretensión, coído que conseguida, foi à vez salva-lo legado sacro e cultural e o da nosa vida rural. Un arcaz da tradición, muimento de fidelidade à vida dos nosos devanceiros, mais tamén prò futuro permanente expositor de lembranza e aprendizaxe.

III

É un museo interdisciplinar, variado e representativo coma a vida do noso pobo, a labranza e a artesanía, a mantenza e o descanso, a aula e o templo. E así, arte sacra con tódolos obxectos auxiliares do culto, a terra en que vivimos e os indicios dos máis arrecuados devanceiros; xeoloxía e fauna. Os inventos nas súas elementais orixes, hoxe imposíbeis de abranger, e o obradoiro do derradeiro alumnado. O fogar tradicional e os oficios que prolongaron as mans dos nosos maiores, en especial o universal de labrador que é factor e definidor de Galicia.

Non se trata dun almacén, de gabar-se de ter milleiros de obxectos, senón de que cada variedade estea repre-

sentada e poida aquí ser estudada, de xeito que se os obxectos se esvaen –que se esvaen–, teña o léxico en qué sustentarse e a fala non morra. Léxico que por outra banda fica xa recollido e na súa multiplicidade minuciosamente analizado en cadansúa extensa monografía.

Comprendemos que tal acervo de cultura non pode ser dunha vez asimilado, senón en doses menores, e o espazo no que se expón había de ser xa moito máis grande. Polo menos está debidamente clasificado e coa posibilidade de ser por partes abordado. Son oito as salas, que brevemente imos describir.

SALA 1. CIENCIA. Vese aquí cómo inzan os inventos, hoxe tan desenvolvidos. A *máquina de Ramsden* (1835) de producir electricidade, deica os 3.000 voltios de electricidade estática. A primeira *bombilla Osran*, con todo o proceso de realización, incluso a *máquina de vacío* e globo vacío de comprobación. Unha *batería de botellas de Leyden*. Un *tubo de fluído eléctrico ó mercurio*, invento freacado. *Tubo de Newton*, *telégrafo* e *gramófonos*, primeiras radios (incluso a de galena), *barómetros* (Torricelli, Leslie); *espellos distorsionadores* (cón cavo,convexo), *telescopio*, *catalexos*, *proxectores de carburo*, *visor bimensional*. *Máquina de cine* do P.Díez (1880) na que 1º se consegue sincronizar figura e velocidade; os irmaos Lummier, beneficiarios do seu invento, na súa 1ª exhibición en Bilbao, invitárono a presenciala.

Hai que engadir aquí: *balanzas de precisión*, *rotógrafo de curvas* (P. Díez), *imáns*, *dinamos*, *motores*, algunha *calculadora primitiva*, *pantógrafo* (co que se trazaron os mapas), *As máquinas de escribir*, *de coser*, *de tricotar*...

Nesta mesma sala podemos ver os *mapas en relevo*, a escala feitos na dieza de 1980 polos derradeiros alumnos, daquela expostos na Esola Universitaria e Museo de Ourense, na Caixa de Galicia e Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago. Son estes:

1) *Mapa da provincia de Ourense* (1082-3), de escala 1 x 100.000 en superficie, 1 x 16.000 en altura, curvas de nivel a 80 m.


2) *Mapa de Galicia* (1983-4) con perímetro de base de 10.12 m., escala de

1 x 100.000 en superficie, 1 x 6.637 en altura, curvas de nivel a 40 m.


3) *Mapa da Alta Arnoia* con centro no Val do Medo (1983-4), dimensión 1.50 x 0.90; escala de 1 x 20.000 en superficie, 1 x 8.000 en altura, e curvas de nivel a 40 m., con tódolos pobos, ríos, montes, vías de comunicación e coutivos

4) *Mapa xeolóxico da Galicia central* (Val de Lemos, Val do Medo, Val da Limia), solicitado por xeólogos de Madrid, que logo non deron máis conta de sí. Ir

En torno ós mapas: mostras de cerámica recollida en superficie en gran número de castros ou antigos asentamentos. *Muiño de rebolo* e *muiños de mao*, etc. Algunha *cornícula*, e unha peza de gran interés: a 1ª *fiestra xemía*, deliñado o *alfiz*, de 2 arcos ultramériculares (séc.II).. Su da vitrina: *fauna* do Mèdo e Bara da Serra.




Mapa 1



Mapa 2

Plano da maqueta de Galicia. (Sala Ciencia)

Mapa 3





Cociña na que se pode ver a lareira, o pote, un fregadeiro e demais utensilios.



Cantareiro con dúas olas e o cacipo cos cubertos.

SALA 2. ARTE SACRA. De dobre alto, esta sala alberga arte sacra. Preside gran lámpara de 3 m. diám.; a carroza da Virxe; comulgatorio de metal dourado; a campana dun

pazo; 6 grandes vitrinas con vestiduras (ternos, casullas, capas pluviais, panos de ombreiro, estandartes...); 2 grandes vitrinas con: mantos da Virxe, enxoval e axuar de eirexa,

petos de casteiro, imaxes de santos... Tres vitrinas con exvotos, reliquias, obxectos sagrados, monetario, medallas, etc. Un Cristo de buxo e outro de ébano (de Mozambique); reloxo de sala (s.XIX, 'Ourense'). Nos muros: milagres da Virxe en pintura naïf (s.XVIII, XIX e XX), estandartes, frontais, pendón...

Mesa de levante.



SALA 3. COCIÑA. De intento deseñada, reflexa o que era esta peza entrañabel da casa rural galega, santuario familiar a lareira de pedra coas achas de acender o lume sobre os trafugueiros. O pote colgando da gramalleira su do canizo de curar as castañas e o fumeiro da chourizada. As trébedes, tixolos, grella e potes; o pote grande. A mesa de levante co escano, artesa de amasa-lo pan

*Cama que foi da familia
Rivas-Quintas
e agora forma parte do museo.*

e a peneira; cantareiro coas olas da auga e o cacipo dos garfos, cucher-
ras e coitelos; alzadeiro con cuncas
e pratos, fielos e chocolateiras, cafe-
teiras; sobre o fregadeiro, almireces.
A espeteira con culleres, escumadei-
ras, espetos... Sobre unha banquetta,
muiños do café, máquinas de pica-la
carne, embudetes de encher... Entre a
lareira e a mesa de levante, o gallei-
ro. En alto, na trabe, o sarillo do unto
e touciñeiras.

SALA 4. SOBRADO. En piso de
táboa de carballo, sen dividir como
adoitaban os máis primitivos; unha
cama torneada do XIX, con xergón
de follo de millo, sabas de lenzo tec-
idas hai cen anos por Pilar Quintas,
manta de folón e colcha de repaso
do mesmo tear (Fondo de Vila-X.A.).
Outra cama de fundición, aparellada
do mesmo xeito e coa mesma orixe.
Mesiñas de noite, co candil de gás,
etc. À beira o rolo ou berce coa
roupiña tamén de tear. Baúl do tío
'Habanero' (mediados do XIX) que
foi e veu. Outros elementos auxilia-
res e cadros familiares nas paredes.
Palangana con espello à fiestra, e
balastrada tal coma corredor sobre
a escaleira de subida..

*Mesiña de noite
con candil, palmatoria e bacinilla.*





Vista da sala adicada ó tecido.

SALA 5. O TECIDO. Aquí todo ten que ver coa roupa, de cama e de vestir, que daquela non había outro recurso: a blancuriña e a de sair. A planta, o liño e a liñaza, e os uteis de traballalo: ripos, mazas e tascón, espadelas e espadeiros, pentes de asedar con estrigas e manelas; rocas e fusos cos seus cartiloxos e as mazarocas que saen de fiar. Os sarillos coas meadas, dobadoiras cos novelos, caneleiros e canelas que se encaixan na lanzadeira; caixil dos 12 novelos que van à urdideira de urdir as liñas do urdume.



Albarda e alforxa feitas nos teares da Limia.



Devanadoira cunha meada de liño.

Xa preparado o urdume, lévase ó tear. Coa lanzadeira na mao, a tecedeira a medio sentar na sedeira, comeza a trecolear: cos pes acciona as premedeiras rubindo e baixando as liceiras nas carrulas alternadamente, pasando entre prema e prema a lanzadeira entre os fíos do urdume e apertando cada vez o canal co pente. Así se fai a trama, e con moita pacenza a tea, que no orgo de diante ou de barrigas pouco e pouco se enrola, axustada polo tempereiro. Ó mesmo tempo, o urdume envolto no orgo de detrás, que tensa o pilón, vaise desenrolando. Así se fan, horas e horas: teas de lenzo (camisas, cirolas...), limpeiros, sabas, colchas, farrapeiras, picotes, sabelos ou mantelos e mandiletas, alforxas, tapetes...de cenefa rechamante labrada no tear dos fleques. Unha monografía ilustrada, de máis de 500 páxinas, cò folclore e literatura pertinentes, dan conta con todo detalle desta importante faceta da nosa vida rural.

Colcha de lá e liño.




Nesta mesma sala hai tres vitrinas con uteis de alumear e de fumar; ferramenta de labranza a escala reducida; algún instrumento de música, a derradeira gaita feita por Faustino Santalices, e outra de Carril doada polo Card. Quiroga a un misioneiro nas Filipinas. Os xogos populares, a escola, o aseo, etc.



SALA 6. OFICIOS. Pola dereita a cerámica; de Tioira coa súa roda; de Niñodaguia e da Bañeza que viña ò troco polos pobos. Outra cerámica: do Seixo e Porto Mourisco, de Sargadelos, etc.

Vitrina con farois e candís.



Colección de pezas de alfareiría e roda de oleiro.

O canteiro e albanel coa súa ferramenta e mostras de pedra, lignito e azabache da Limia.

O ferreiro e a forxa (anterior a 1750), a zafra ou xunca e a pía de templar; o pilón de traballa-lo ferro, ferramenta pertinente e material aquí forxado: cravaxe, rellas, chaves, bisagras... (no 1752, Lama Má: '20 libras de cravos de los Milagres').

Antiga forxa que estivera nas intalacións do Santuario dos Milagres.



Carpintería, ebanistería e serrería, con toda a ferramenta de carpenta pertinente, incluso cerca de trinta cepillos moldeadores. Fixéronse aquí incluso retábulos.

Banco de carpinteiro e demais ferramenta.



O zapateiro e traballo do coiro; do primeiro, tódolos implementos e máquina de coser: chancas e zocas. Do segundo, coiros de Allariz, coitelas de os labrar (Xunqueira de A.), dúas albardas, e os arrees pertinentes (atafal, cabeceiro, estribos...).

O cesteiro co seu burro de labrar, coitelos e diferentes clases de cestos.

O cordeiro co maquinillo de pau (logo chian de ferro) e un sedeño de xuncas.

O pelexo do viño en que os arrieros o levaban; e as cabzas.



Un dos carros do museo.

SALA 7. LABRANZA. Dous carros, con estadullos e sedeño, un da Bara da Serra, outro da chaira da Limia. Arados, de pau e de verdeira; bó número de exemplares de xugos, molidas, cambón, temoncela e a grade. Toda a ferramenta

de labranza usada, incluso a da malla. Apeiros e uteis dos animais; medidas de capacidade, romanas e bó número de faroles. A coroz e o corozo; à esquerda, na parede, uteis do forno de cocer. Catro

Ferramenta manual de Labranza (máis de 600 páxs.; *O Carro* (máis de 400 páxs.); *O Arado* (unhas 450); *O Forno*, de 400 páxs. Sempre coa literatura popular e folclore pertinentes.



Colección de xugos e cangas.



Arado romano.

SALA 8. AULA, VARIOS. Toda adicada ò que supuxo no Santuario dos Milagres o *ensino*, onde, xa no ano 1775 se crea unha *Escola gratuita*, logo *Estudio de gramática*. Así deica o *Colexio N^o S^o dos Milagres* que houbo de pechar co ano 1990. Del fican *maquetas, debuxos e traballos manuais, cadros, trofeos de deportes*. As *monografías aludidas e libros antigos*.

CODA. Neste Museo, tomando coma obxeto o material exposto, pódese organizar un curso completo de *ergoloxía* co léxico pertinente. Sería a mellor forma de se non perder a lingua: *labranza e oficios, forno do pan, medidas e luces; a coriza, indumentaria e tear, e os xogos. Arqueoloxía, xeografía, toponimia e hidrografía; fauna, arte sacra.*



Fig 1: Localización administrativa da área de estudo.

ISRAEL BARANDELA RIVERO

Licenciado en historia pola universidade de Vigo. É autor da monografía *Petroglifos de Ourense* (2003), así como de outros traballos relacionados con este eido da investigación arqueolóxica. Ten dirixido varios proxectos de prospección arqueolóxica, encamiñados a catalogación e estudo dos gravados rupestres na nosa provincia. Ademais ten participado en varias excavacións arqueolóxicas dentro e fora do noso país.

JOSÉ MANUEL LORENZO RODRÍGUEZ

Licenciado en historia pola Universidade de Vigo. Coautor da monografía *Petroglifos de Ourense* (2003), e ademais de outros traballos relacionados coa prehistoria da nosa provincia. Ten participado en varias campañas de prospección arqueolóxica no noso territorio relacionadas coa búsqueda, catalogación e estudo da arte rupestre na provincia.